

**NOTA ACLARATORIA SOBRE O CONTIDO OBXECTO DE AVALIACIÓN DO
TEMA 12 DO TEMARIO DE TITULADO/A MEDIO/A**
(CONVOCATORIA CONCURSO-OPOSICIÓN)

Por Resolución do 30 de novembro do 2023, do Director Xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A., convocouse o proceso selectivo, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso-oposición, para o ingreso como persoal laboral fixo en diversas categorías do persoal da Corporación.

No anexo I da resolución de convocatoria figuraban os temarios que serven de base para a realización do cuestionario tipo test.

O tema 12 que figura na categoría de Titulado/a Medio/a é o que segue: "**TEMA 12. MEDIOS DE COMUNICACIÓN PÚBLICOS EUROPEOS.** Directiva (UE) 2018/1808 do Parlamento Europeo e do Consello do 14 de novembro de 2018 pola que se modifica a Directiva 2010/13/UE sobre a coordinación de determinadas disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros relativas á prestación de servizos de comunicación audiovisual (Directiva de servizos de comunicación audiovisual). O financiamento dos medios de comunicación públicos europeos: modelos de financiamento. Disparidade no réxime de financiamento e a fiscalidade no sector audiovisual público europeo".

Planteada unha pregunta sobre o concreto contido do tema, cómpre facer esta aclaración e publicala para o xeral coñecemento de todas as persoas interesadas.

No tema 12 será obxecto de avaliación a Directiva 2010/13/UE sobre a coordinación de determinadas disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros relativas á prestación de servizos de comunicación audiovisual, coas modificacións operadas pola Directiva (UE) 2018/1808 do Parlamento Europeo e do Consello do 14 de novembro de 2018.

San Marcos, 9 de febreiro do 2024

O Director de RRHH da CRTVG

Víctor Tubío Villar